



Abuíme – Fión (San Lourenzo) – O Saviñao, 1980-11

Informante: Chola (49) e Rosa (30)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Edición da presente ficha: Pablo Fernández

Eu creo que será certo
o que veu nunha revista
que os maiores industriais
salen da terra da chispa.

Afiladores, paragüeros
arreglo fuentes, ferrapos,
compro caldeiros de cobre
gomas vellas e farrapos.

Pero os que arreglan paraguas
sartenes e porcelanas
tamén teñen a costumbre
de sobir pola ventana.

Miña irmá ten unha filla
dunhos vinte anos e pico
non lle deixaban ter novio
hasta que viñera un rico.

Ela ben o merecía
era unha chica elegante,
tiña unha casa ben feita
i un bon lameiro por diante.

Ou por suerte ou por disgracia
ou o diablo que a enganhou
un paragüero de Orense
con palabras a enganhou.

Pa poder estar con ela
subía pola ventana,
alá pola media noite
cuando xa estaba na cama.

I ó pouco tempo a rapaza
sentíase moi maliña,
eu mesmo lle fun buscar
ó médico do Valiña.

Diulle fregas á barriga
púxolle inyecións de suero
hasta que notou que había
principios de un paragüero.

Miña irmá e meu cuñado
ó saber o contenido,
empezaron a gritar
que aquilo era un allarido.



Mas eu funos contemplando
con chorar e perder tempo
“Chamemos ó paragüero,
tratémolle o casamento.”

Mas aínda o condenado
non se quere sujetar
inda vai onda as veciñas
“Tedes algo que arreglar?”

Mas unhas non lle fan caso
outras véñeno buscar
facendo como que teñen
un clavo que remachar.

Dice a maestra do pueblo,
que inda é unha persona lista
“Non che hai peor canalla
que ser da terra da chispa.”